

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Quintero Martínez, Félix
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Bajo Palacio, Ignacio
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Vázquez, María Consuelo
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez, María del Mar
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Rúas Araújo, José
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, María José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé
Díaz Redondo, Rebeca P.
Lorenzo González, María de las Nieves
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Soto González, María Mercedes

INVITADO

Lage Picos, Jesús Adolfo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 26 de maio de 2025, convocada para ás 10:30 h. en primeira convocatoria e ás 11:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 11:00 do día 26 de maio de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

O reitor comenta, antes de nada, que a persoa que solicitou o uso da palabra no punto 8 que se vai a tratar hoxe, por suposto que poderá falar cando corresponda.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de abril de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de profesorado substituto da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, das prórrogas de comisión de servizos de María Magdalena Cid Fernández e Santiago Lago Peñas.
5. Aprobación, se procede, da prórroga do plan de docencia en galego para o curso 2025/26.
6. Aprobación, se procede, da creación dunha praza de TU dentro do 15% da OEP do 2023.
7. Aprobación, se procede, da proposta de memoria dos mestrados de formación permanente: Ciberintelixencia e Ciberoperacións en Sectores Estratéxicos para a Seguridade Nacional e Enfermería de Práctica Avanzada en Urgencias e Coidados Intensivos.
8. Aprobación, se procede, da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2026/2027.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de estudos de mestrado universitario da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de doutoramento.
11. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2025/2026.
12. Aprobación, se procede, da incorporación para o curso 2025/2026 dos parámetros de ponderación para a admisión nos seguintes catro Programas de Simultaneidade de Estudos: Grao en Enxeñaría Agraria e o Grao en Ciencias Ambientais (UVIGO), Grao en Enxeñaría Agraria e o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos

Alimentos (UVIGO), Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Intelixencia Artificial (UVIGO), e Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos (UDC).

13. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación para a admisión no SUG no curso 2026/2027.
14. Aprobación, se procede, do Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.
15. Aprobación, se procede, da non continuidade da Universidade de Vigo como membro institucional da Asociación de Universidades del Estado Español con Titulaciones Oficiales de Traducción e Interpretación (AUnETI).
16. Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO⁽¹⁾: 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.
17. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de abril de 2025.

O reitor pide que se aprobe por asentimento, despois da incorporación das correccións enviadas.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Apertura de Bibliotecas para exames, despois de varias reunións coas partes implicadas.
- Mareas de coñecemento, programas de éxito presentes en varios espazos da Comunidade Autónoma.
- Felicitar aos novos decanos, Xulio Prada, da Facultade de Historia, Xosé María da Rocha, da Facultade de Comercio e Xesús Vázquez, da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, ofrecendo o apoio que sexa preciso.
- Axudas INOU, Campus Auga, conseguimos 18 novos proxectos cun total de 119.00 euros da Deputación de Ourense e da Xunta de Galicia.
- Convocados novos concursos de audiovisual.
- Matrícula de Campus Camp. Na seguinte licitación poderemos tomar medidas con respecto a un pedimento de ampliación de horario.
- Pontevedra: creación do Instituto de Ciencias da Educación e do Deporte.
- Celebrouse unha xuntanza para unificar contidos nos protocolos de igualdade e diversidade; inicialmente hai algúns temas que teñen que pasar á nova Área de Diversidade. Traeremos o mais axiña posible o protocolo de diversidade.
- Aeroespacial: moitos investigadores que están a traballar con éxito.
- Félix Quintero Martínez substitúe a José Cidrás Pidre na Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, agradecendo ao anterior vicerreitor o seu traballo, así como ao novo vicerreitor pola aceptación do cargo.
- Yolanda Blanco deixa de ser directora de área para pasar a ser adxunta ao reitor para a dixitalización.
- En breve, reordenaranse as responsabilidades relativas á dixitalización, con vistas á mellora de temas urxentes.

- Avanzamos no estudo da presenza de radon nas nosas instalacións. Estamos tomando medidas nos centros afectados (fundamentalmente a Escola de Enxeñaría Industrial na sede Campus e algo na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía).
- Noméase a Mónica Siota como Coordinadora do Plan estratéxico.
- Cesa Javier Rodeiro como director de área.
- Traballamos para a creación dun título propio entre a FFT e o CdL.
- Celebráronse Consellos de Campus. Imos argallar unhas comisións de traballo para a reordenación dos respectivos campus.
- Celebrouse unha nova xuntanza coa Consellería para falar do tema de dereito na UIE.
- Celebrouse un Consello de docencia clínica e xuntanza cos dous Conselleiros para tratar o tema de docencia de Medicina.
- Houbo xuntanza e traballo entre as unidades de igualdade e de diversidade.
- Comezou o trabalo da mesa de PTXAS.
- Xuntanza co Departamento de Dereito Público Especial, que perdeu 2 prazas de Axudante Doutor que quedaron desertas. Compromiso do reitor de sacar en canto sexa posible polo menos unha praza.
- Finalmente, asinou-se a pasada semana o convenio. A Uvigo vai recibir máis dun millón de euros para bonificar as microcredenciais ás que nos comprometemos. Os prazos son moi axustados, e as iniciativas teñen que partir de fóra da Universidade, dos empregadores. Son accións dirixidas á formación de persoas entre 25 e 64 anos.
- Celebráronse xuntanzas coa Confederación de Empresarios de Pontevedra, a Confederación de Empresarios de Ourense, Zona Franca, distintos hospitais e outras institucións. Fíxose unha rolda de comunicación cos centros.
- Pacto pola enfermaría; estamos dando os pasos para ter un convenio con POVISA para que os estudantes teñan recoñecidos máis dereitos, para poder facer uso das nosas normativas e facer uso da valedoría.
- Celebrouse a Semana Internacional da Uvigo 2025, Educación transformadora con perspectiva de xénero.
- Premios Uvigo- Humana. Premiados Emaús (Galicia) e UNRWA.
- Central coordination ATHENA.
- Celebráronse coa Autoridade Portuaria distintas accións, entre as que podemos destacar na foto presentada unha celebración artística, ciencia e arte no mesmo espazo.
- Concurso de Robótica en Industriais, cada vez mais consolidado.
- Celebrouse o día das Letras Galegas, no que tivemos o pracer de darlle o Premio de Galeguidade á Facultade de Comunicación, polo bo traballo que leva facendo desde fai moito tempo.
- Visita a ECOBAS do Secretario Xeral de Universidades.
- Asinado convenio de voluntariado co Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Proxecto Facendo Plus, con Stellantis e varios grupos de investigación.
- Felicitación para Enrique Casarejos, xa que é coautor dun artigo publicado en Nature.

3. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de profesorado substituto da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica a modificación, aprobada na mesa de negociación e na COAP:

Normativa de profesorado substituto

1. Profesorado contratado substituto

1. O profesorado contratado substituto terá dedicación parcial. Poderá ter dedicación total cando esta sexa para substituír un único profesor/a e estea debidamente motivada (excedencia, servizos especiais, baixa de longa duración etc.). A finalidade dos seus contratos será a establecida no artigo 80 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU).
2. A provisión de prazas de profesorado substituto realizarase mediante listas de agarda que serán xeradas mediante un concurso específico.
3. A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución. Naqueles casos nos que a substitución se prolongue máis aló dun curso académico, o profesor/a substituto permanecerá contratado de xeito continuado ata que se extinga o motivo da substitución.

Normativa de profesorado substituto

2. Concurso para a xeración de listas de agarda do profesorado substituto

- 2.2.3. A avaliación dos méritos presentados polas persoas candidatas será feita por unha comisión de selección, constituída por tres docentes da área ou áreas afíns (máis tres suplentes), que se constituirá e fará públicos os requisitos que a comisión terá en conta para a avaliación dos méritos, previamente á súa presentación polas persoas solicitantes. Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador, con voz e sen voto, se así o solicita a propia representación sindical, a comisión ou algunhas das persoas candidatas, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da comisión **da xuntanza na que se leve a cabo a avaliación de méritos.**

Normativa de profesorado substituto

2.2.4. As persoas candidatas presentarán unicamente os 10 méritos máis salientables da súa traxectoria académica, docente, laboral e investigadora (por exemplo o número de horas de docencia universitaria, o número de horas de docencia non universitaria, os mestrados de especialidade etc.), xustificando a selección e a relevancia destes para a lista de agarda á que se están a presentar. Todas as persoas solicitantes, incluídas as que xa estaban na lista, terán que actualizar cada ano os 10 méritos solicitados para ser actualizadas ou incorporadas nesta, ou ben facer constar o seu desexo de que permanezan os mesmos méritos presentados previamente. No caso de que unha persoa queira actualizar un único mérito, terá que especificar que mérito dos presentados anteriormente substitúe. De non facelo, decaerá no seu dereito de permanecer nesta.

Normativa de profesorado substituto

3. Xestión de listas de agarda

1. Cando nunha área de coñecemento sobreveñan, ao longo do curso académico, necesidades docentes ás que non se poida facer fronte coa capacidade dispoñible, o departamento poñerá tal circunstancia en coñecemento da vicerreitoría competente en materia de profesorado, que, tras apreciar a necesidade de contratación, poderá ofrecer un contrato como profesor/a substituto ás persoas aspirantes que figuren na lista de agarda e informará disto na seguinte reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). A dedicación do contrato será a que determinen as necesidades docentes e non poderá ser superior á dedicación definida no concurso que xerou a lista de agarda.

Normativa de profesorado substituto

3. Xestión de listas de agarda

2. As persoas aspirantes que figuren nas listas de agarda serán chamadas pola súa orde polo Servizo de Persoal Docente e Investigador a instancia da Vicerreitoría de Profesorado, que realizará as comunicacións que permitan a rápida localización da persoa candidata tendo en conta os datos que figuren na solicitude pola que concorreu ao concurso. Os chamamentos para realizar substitucións efectuaranse mediante o envío dun correo electrónico/SMS e chamada telefónica.
3. As persoas aspirantes que reciban unha oferta deberán responder nun prazo máximo de 24 horas. De non facelo, entenderase producida a súa renuncia e ofreceráselle ao seguinte candidato/a. Desde a aceptación da oferta do contrato e o inicio da relación laboral non mediarán máis de cinco días hábiles durante o curso académico, agás no caso de tramitacións de expedientes de compatibilidade.

Normativa de profesorado substituto

3. Xestión de listas de agarda

4. As persoas que figuren nas listas de agarda e formalizasen un contrato consideraranse temporalmente suspendidas na lista e non se ofertarán novos contratos durante o curso correspondente, agás que o novo contrato que se oferte corresponda a contratos para o segundo semestre. Se unha persoa solicitante está anotada en varias listas de agarda ao mesmo tempo, considerarase suspendida de todas as listas mentres teña un contrato en vigor como profesor/a substituto da Universidade de Vigo. Unha vez rematado o contrato, a persoa volverá ser activada en todas as listas das que forme parte no posto que ocupase con anterioridade á sinatura do contrato ou, de ter mediado a renovación da(s) lista(s), no(s) novo(s) posto(s) acadado(s).
5. No caso de renuncia a un contrato en vigor, xerado pola lista de agarda, o candidato/a pasará ao final da lista; non se considerarán as renuncias pola aceptación dunha mellora de contrato conforme o suposto anterior.

Normativa de profesorado substituto

3. Xestión de listas de agarda

6. No caso de **rexeitamento a asinar un contrato**, permanecerá no seu posto se a causa é xustificada e pasará ao final da lista se a causa non está xustificada.
7. Con carácter xeral consideraranse causas xustificadas de renuncia ou de rexeitamento as derivadas da conciliación familiar e laboral, de enfermidade, de exercer unha actividade mediante contrato temporal e aquelas outras apreciadas con carácter excepcional e individualmente pola Vicerreitoría de Profesorado, sempre que estean debidamente xustificadas. Nestes supostos as causas deberán ser suficientemente acreditadas.
8. Os/As aspirantes, atendendo a unha situación transitoria debidamente xustificada, e que podería implicar o reiterado rexeitamento de ofertas, poderán instar á súa suspensión voluntaria temporal. Esta suspensión, que afectaría a todas as listas nas que estivese inscrito/a, levantarase a pedimento de parte.

Baremo de avaliación do profesorado substituto

1. Titulación/formación académica

- g) Outros cursos de especialización: o candidato/a elixirá o curso de maior relevancia que poderá ser avaliado cun máximo de 1 punto.
- h) Outros méritos académicos: o candidato/a elixirá o mérito de maior relevancia que poderá ser avaliado cun máximo de 1 punto.

2. Experiencia docente

- d) Cursos de formación docente recibidos: a persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos por cada 100 horas de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto.
- e) Cursos de formación docente impartidos: a persoa candidata elixirá o curso de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos por cada 20 horas de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto.
- f) Participación en proxectos de innovación docente: a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que será avaliado con 0,2 puntos ata o máximo de 1 punto.

Baremo de avaliación do profesorado substituto

3. Experiencia laboral e investigadora


- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadias de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos etc.): o candidato/a elixirá o mérito de maior relevancia que poderá ser avaliado cun máximo de 1 pto.

A vicerreitora comenta que a CIG votou en contra, pero pensa que non foi directamente contra estas modificacións, senón que xa votara con anterioridade en contra do baremo, da filosofía do mesmo. Miguel Cuevas comenta que efectivamente a CIG votou en contra, xa que neste baremo o profesor que teña docencia cada día vai ter máis docencia, e vai ocupar cada vez máis esas prazas de profesor substituto, e ademais queda moi marxinada a parte da investigación. Cando se fan concursos, nos que ten que primar a competición, temos que ter unha visión completa do curriculum vitae, porque nalgúns ámbitos de coñecemento, como Ciencias Sociais ou Artes e Humanidades, as prazas de lista de agarda moitas veces é de xente que está esperando a que saia algunha praza para poder concursar. Neste sentido, o feito de que unha persoa de X horas de docencia, e pode seguir dando docencia, o que fai é unha praza dirixida para os que xa están, quedando marxinados outros aspectos que tamén son importantes na correlación entre docencia e investigación e naquelas prazas que van a substituír a profesores a tempo completo.

Ignacio Bajo solicita que non se aprobe a normativa, xa que algunhas cousas, que se cambiaron con respecto á normativa aprobada o 2 de decembro, non teñen sentido. No punto 2.2.3., por exemplo, Bajo cre que hai un problema de redacción, xa que antes da creación da comisión non pode haber nin comisión nin candidatos que soliciten a inclusión dun representante sindical nela. Hai debate entre a vicerreitora e Ignacio Bajo.

Ao punto 3.4 hai que darlle unha volta, xa que non cre que sexa legal, xa que as persoas teñen que ter liberdade para poder mellorar o seu contrato.

A vicerreitora comenta que para xestionar unha lista de agarda máis eficiente debemos aprobar estas modificacións, e na maior parte dos departamentos supón unha mellora grandísima.



4. Aprobación, se procede, das prórrogas de comisión de servizos de María Magdalena Cid Fernández e Santiago Lago Peñas.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica a situación:

Universidade de Vigo

Departamento de Química Orgánica

D. Ángel Rodríguez de Lera, Director en funcións do Departamento de Química Orgánica da Universidade de Vigo, comunica a Vicerrectora de Profesorado e Organización Académica que o Consello de Departamento de Química Orgánica en reunión celebrada o 22 de abril de 2025 aprobou por unanimidade a concesión da prorroga da comisión de servizos do Prof. Félix Manuel Freire Iribarne para o curso académico 2025-2026 e a da Profesora M. Magdalena Cid na Universidade de Santiago.

En Vigo a 15 de maio de 2025

O Director en función do Departamento de Química Orgánica

RODRIGUEZ firmado
DE LERA digitalmente por
ANGEL - RODRIGUEZ DE LERA
76328281K ANGEL - 76328281K
11:37:56 +0200 Fecha: 2025.05.15
11:37:56 +0200

Ángel Rodríguez de Lera

UNIVERSITAT DE VALÈNCIA

 Càtedra de les Llengües i de les Ciències
 de la Llengua i de la Literatura
 Castellana i Catalana

C.G.: 29/04/2025

PRÓRROGA COMISIÓ DE SERVICIS

Catèdric de Universitat: Maria Magdalena Cid Fernández
Àrea: Química Orgànica
Departament: Química Orgànica
Centre: Facultat de Química, Universitat de Vigo
Període: Pròrroga de comissió de serveis a USC (*)

Data Petició: 14/03/2025
Àrea: Química Orgànica
Departament: Química Orgànica
Centre: Facultat de Química, Universitat de Santiago de Compostela

Informe de Departament: Favorable
Data de emissió del informe: 04/04/2025
Duració del pròrroga de comissió de serveis: Curso 2025-2026 - renovable
Normativa de referència: Article 5 del Real decret 860/1985, de 30 de abril, sobre reïme del professorat universitari

Santiago Lago Peñas

C.G.: 29/04/2025	
PRÓRROGA COMISIÓN DE SERVIZOS	
Coral del Río Otero, directora do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo FAI CONSTAR Que o Departamento de Economía Aplicada informa favorablemente da solicitude de prórroga da comisión de servizos realizada por Santiago Lago Peñas. En Vigo, na data de sinatura electrónica DEL RIO OTERO CORAL - 36069538H 12/03/2025 Coral del Río Otero Directora do Departamento de Economía Aplicada Universidade de Vigo	Catedrático de Universidade: Santiago Lago Peñas Área: Economía Aplicada Departamento: Economía Aplicada Centro: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, Universidade de Vigo Petición: Prórroga da Comisión de servizos na USC Data Petición: 10/03/2025 Área: Economía Aplicada Departamento: Economía Aplicada Centro: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais Informe do Departamento: Favorable Data de emisión do informe: 19/03/2025 Duración da prórroga da comisión de servizos: Curso 2025-2026 - renovable Normativa de referencia: Artigo 6 do Real decreto 868/1985, de 30 de abril, sobre réxime do profesorado universitario

Universidade de Vigo



Apróbanse por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da prórroga do plan de docencia en galego para o curso 2025/26.

O reitor comenta, antes de ceder a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, que o plan de docencia o fixemos como un plan piloto para poder avalialo ao final, pero aínda non temos feita a avaliación; aínda así non quere que quedemos sen o plan de docencia en galego. A continuación, a vicerreitora presenta a seguinte prórroga, sen ningunha modificación:

Convocatoria do Plan de docencia en galego para o curso

1.- Contexto e fundamentos

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do 29 de abril de 2021, aprobou o Plan de Recoñecemento da Docencia en Galego. Este plan forma parte das medidas institucionais para promover a normalización do uso do galego no ámbito universitario e favorecer que o estudiantado poida desenvolver unha parte significativa da súa formación na lingua oficial da Universidade.

A Universidade recoñece que é o persoal docente e investigador (PDI) quen decide en que lingua se imparte maioritariamente a docencia, e por iso establece un sistema de incentivo que recoñece o uso do galego na súa actividade docente a través do Plan de Ordenación Docente (POD).

Consideranse unicamente aquelas materias nas que o profesor ou profesora ten a opción de desenvolver a súa docencia en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

2.- Obxectivo da convocatoria

Prorrogar durante un curso académico (2025/2026) o Plan aprobado por Resolución Reitoral de 27 de novembro de 2023.

3.- Solicitude de participación

- O prazo para presentar solicitudes remata o **xx de XXXX de 2025**
- A solicitude presentarase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo: <https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615947>
- Asunto: "Plan Recoñecemento Galego na Docencia 2025/26".
- Será necesario achegar o formulario que acompaña á convocatoria, debidamente cumprimentado e asinado.

Universidade de Vigo



Miguel Cuevas agradece que siga o Plan de Docencia en galego, aínda que comenta que se fixo 'daquel xeito', xa que se tivo que aceptar o Plan de Docencia co resto de horas, grazas tamén á colaboración do vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente; pero gustaríalle deixar enriba da mesa que temos que aspirar a un plan máis esixente, máis agarimoso co galego no sentido mais amplo da palabra, xa que non é o mellor plan que se fixo de recoñecemento da docencia en galego. Gústalle que haxa unha prospección e agradece que se fixeran cousas coa saída de prazas, para que o galego estea ao mesmo nivel co castelán, pero as accións son aínda escasas xa que temos outra universidade, a da USC, que saca peito da galeguización da súa propia universidade.

O reitor comenta que é o Plan máis custoso que tivemos, comentando que a USC non o puido poñer en marcha por un defecto de forma.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da creación dunha praza de TU dentro do 15% da OEP do 2023

O reitor cede a palabra á vicerreitora de profesorado e ordenación académica, quen informa sobre a creación desta praza:



Creación e convocatoria dunha praza de TU correspondente ao 15% da OEP do 2023 para a contratación de investigadores/as con certificado I3

Departamento: C11 - Química Física

Área de coñecemento: A0755 – Química Física

Centro: 311 - Facultade de Química

Nome do RyC con I3 e acreditación a TU que da lugar á creación da praza:

Polavarapu, Lakshminarayana

Data de remate do contrato RyC: 31 de maio de 2025

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, da proposta de memoria dos mestrados de formación permanente: Ciberintelixencia e Ciberoperacións en Sectores Estratéxicos para a Seguridade Nacional e Enfermería de Práctica Avanzada en Urxencias e Coidados Intensivos.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen presenta a seguinte proposta:

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

MESTRADO DE FORMACIÓN PERMANENTE:
Ciberintelixencia e ciberoperacións en sectores estratéxicos para a seguridade nacional

- . Exposición pública dende o 6 de marzo de 2025 ata o 17 de marzo de 2025.
- . Informe favorable do Servizo de Posgrao do 28 de abril de 2025.
- . Informe favorable da Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente do 13 de maio de 2025.
- . Mestrado de **formación permanente** de 60 ECTS en colaboración con INDRA Sistemas S.A.

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

MESTRADO DE FORMACIÓN PERMANENTE:
Enfermería de práctica avanzada en urxencias e coidados intensivos

- . Exposición pública dende o 5 de marzo de 2025 ata o 17 de marzo de 2025.
- . Informe favorable do Servizo de Posgrao do 6 de maio de 2025.
- . Informe favorable da Comisión de Estudos do Centro de Posgrao e Formación Permanente do 13 de maio de 2025.
- . Mestrado de **formación permanente** de 60 ECTS en colaboración co Grupo Ribera Povisa.

Ignacio Bajo intervén para facer unha reflexión. Somos unha universidade pública e estamos interesados en ofrecer formación a prezos razoables, pero hai moita diferenza de prezos entre os mestrados, dá mala imaxe, sobre todo á hora de xustificar. Entende que pode haber esa diferenza, pero debería haber unha mellor e precisa xustificación, e quizás poñer límites aos profesores propios da Universidade de Vigo, ao que poden percibir por impartir as materias no mestrado, porque dá mala imaxe.

O vicerreitor comenta que os prezos son aprobados no Consello Social, onde están representados todos os sectores, e deberíamos estar orgullosos de que, por exemplo, INDRA se fixe no mestrado, e no profesorado.

Ardao intervén como responsable do mestrado de INDRA para dicir que todos os números son públicos, e respectando os límites, cobrando polas horas que imparten.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2026/2027.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen explica este tema coa seguinte presentación:

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2026/2027

CURSO 2026/2027	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías Navais para a Defensa	Centro Universitario da Defensa (CUD)	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Substitución do Grao en Enxeñaría Mecánica
	Grao en Bioloxía	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Economía	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Grao en Relacións Internacionais	Facultade de Relacións Internacionais	MODIFICACIÓN	NON	SI	UDC	

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2026/2027

CURSO 2026/2027	GRAOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	Aprazado para o curso que vén. Acordo de suspensión presentado
	Programa de simultaneidade Grao en Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas	Facultade de Comunicación	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Adiase ata a convocatoria de programas de simultaneidade

Universidade de Vigo



Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2026/2027

CURSO 2026/2027	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en xeomática avanzada e intelixencia xeoespacial	Escola de Enxeñaría Forestal	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Cambio de nome
	Mestrado en química teórica e modelización computacional	Facultade de Química	VERIFICACIÓN	SI	SI (UAM, UAB, UB, UCAN, UCM, UEX, UIB, UJI, UMU, UnivOvi, UPV, USAL, USC, US, UV, UVA, UVigo, UNIZAR)	UAM	
	Mestrado en traballo social no ámbito sanitario	Facultade de Educación e Traballo social	VERIFICACIÓN	SI	SI (UCLM, UCM, UR, UPN, USC, UVigo, Unizar)	UCLM	
	Mestrado en vehículos autónomos	Escola de Enxeñaría Industrial	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, UDC, USC)	UVigo	
	Mestrado en comunicación en medios sociais e creación de contidos dixitais	Facultade de Comunicación	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Mestrado en xestión sostible da auga	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	UDC	

Universidade de Vigo



Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

MODIFICACIÓNS SUBSTANCIAIS E VERIFICACIÓNS 2026/2027

CURSO 2026/2027	MESTRADOS	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Mestrado en ciencia e tecnoloxías da información cuántica	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	As modificacións propostas na declaración de interese incorporáranse ao expediente aberto de modificación 2025/2026. Cambios aprazados
	Mestrado en ciencia e tecnoloxía en nanomateriais e biomedicina	Facultade de Química	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Aprazado curso que vén
	Mestrado en deseño e fabricación na industria conectada e intelixente	Escola de Enxeñaría Industrial	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Decae o procedemento
	Mestrado en políticas de seguridade e sistema penal	Facultade de Dereito	VERIFICACIÓN	SI	SI (UVigo, UDC)	UDC	Decae o procedemento
	Mestrado en viticultura e enoloxía	Facultade de Ciencias	VERIFICACIÓN	SI	NON	UVigo	Aprazado curso que vén
	Mestrado en biotecnoloxía avanzada	Facultade de Bioloxía	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC)	UVigo	Cambios aprazados curso que vén
	Mestrado en enxeñaría industrial	Escola de Enxeñaría Industrial	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	Decae o procedemento

Universidade de Vigo



Informe favorable por asentimento na Comisión de Calidade do 22 de maio de 2025

CURSO 2026/2027	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Programa de doutoramento en análise económica e estratexia empresarial	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, USC, UDC)	UVigo	
	Programa de doutoramento en auga, sustentabilidade e desenvolvemento	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (Uvigo , Institutos politécnicos de Brança e do Porto e Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro)	UVigo	
	Programa de doutoramento en biotecnoloxía avanzada	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC)	UVigo	
	Programa de doutoramento en ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en ciencia e tecnoloxía química	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, USC)	USC	
	Programa de doutoramento en ciencias da educación e do comportamento	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo,UDC, USC, Aveiro, Porto, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro)	UVigo	
	Programa de doutoramento en ciencias sociais e envellecemento	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo,UDC, USC, Porto, Tras-os-Montes e Alto Douro)	UVigo	

Universidade de Vigo



Informe favorable por asentimento na Comisión de Calidade do 22 de maio de 2025

CURSO 2026/2027	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMEN TO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADOR A	OBSERVACIÓNS
	Programa de doutoramento en comunicación	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en creación e investigación en arte contemporánea	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en creatividade e innovación social e sustentable	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en educación, deporte e saúde	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en endocrinoloxía	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, USC)	USC	
	Programa de doutoramento en enxeñaría química	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en equidade e innovación en educación	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (USC, UDC, UVigo, Universidad de Oviedo, Universidad de Cantabria)	UVigo	
	Programa de doutoramento en estatística e investigación operativa	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	
	Programa de doutoramento en estudos ingleses avanzados	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (USC, UDC, UVigo)	USC	

UniversidadeVigo



Informe favorable por asentimento na Comisión de Calidade do 22 de maio de 2025

CURSO 2026/2027	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Programa de doutoramento en estudos lingüísticos	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC)	UVigo	
	Programa de doutoramento en estudos literarios	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC)	UVigo	
	Programa de doutoramento en física aplicada	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC)	UVigo	
	Programa de doutoramento en láser, fotónica e visión	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	
	Programa de doutoramento en matemáticas e aplicacións	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC, Porto, Minho, UTAD)	USC	
	Programa de doutoramento en metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en métodos matemáticos e simulacións numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	
	Programa de doutoramento en nanociencia e biomedicina	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en neurociencia e psicoloxía clínica	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	USC	
	Programa de doutoramento en ordenación xurídica do mercado	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en protección do patrimonio cultural	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UDC, USC)	UVigo	

UniversidadeVigo



Informe favorable por asentimento na Comisión de Calidade do 22 de maio de 2025

CURSO 2026/2027	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCEDEMENTO	NOVO	CONXUNTO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	OBSERVACIÓNS
	Programa de doutoramento en sistemas software intelixentes e adaptables	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en tecnoloxía aeroespacial: enxeñaría electromagnética, electrónica, informática e mecánica	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVIGO, UNIVERSIDAD DE EXTREMADURA)	UVigo	
	Programa de doutoramento en tecnoloxías da información e as comunicacións	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	SI (UVigo, UMA, UCA, UNEX, Alicante, Sevilla, La Laguna, Rey Juan Carlos, Nebrija, UCM, Oberta, USC)	UMA	
	Programa de doutoramento en tradución e paratradución	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en xeotecnoloxías aplicadas	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	
	Programa de doutoramento en xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica	EIDO	MODIFICACIÓN	NON	NON	UVigo	

Universidade de Vigo



A continuación fala Xesús Adolfo Lage Picos:

“Bo día, Sr. Reitor e membros do consello de Goberno da Universidade de Vigo. Son Xesús Lage, profesor titular de socioloxía e interveño en representación dos integrantes da área á que pertenzo. Agradecer a atención da solicitude para intervir no Consello en relación co punto 8, especificamente no referendo da modificación substancial do Grao en Publicidade e Relacións Públicas para o curso 2026/2027, da que é excluída a única materia da área de Socioloxía existente dende a revisión do plano de 2009.

A proposta de verificación referida tivo un longo percorrido nos últimos tres anos. Na proposta que se trouxo por primeira vez a este Consello en maio de 2022, eran catro as áreas que denunciaban a exclusión do plan de estudos. Despois de diversas propostas, deuse encaixe ás materias das áreas de Lengua Española, Filoloxía Galega e Portuguesa, e quedan excluídas do plan as materias das áreas do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política da Admón. e Filosofía. Argumentar que:

1. A exclusión da única materia de socioloxía na proposta da formación de Grao enténdese vai en detrimento da formación científica, crítica, e profesional do alumnado graduado en Publicidade e Relacións Públicas. A proposta substitúe a docencia de especialistas da área de socioloxía por profesionais das áreas do ámbito de coñecemento de Xornalismo, comunicación e Publicidade e RRPP, para impartir contidos propios da área de socioloxía, o que se entende contribuirá a rebaixar a calidade formativa e reflexiva dos futuros profesionais e cidadáns. Lembrese que, un dos valores académicos postos en valor nos últimos lustros é a interdisciplinariedade; un indicador disto é a emerxencia de estudos de grao e mestrado coa participación de áreas de coñecemento diversas, para poder axustar os contidos de formación a unha realidade sociocultural e económica sometida a unha constante evolución e cambio. En contra desta tendencia, a reforma do plano do Grao en Publicidade e Relacións Públicas aposta por deixar a área de socioloxía fora das materias de formación básica, facendo unha interesada apropiación de contidos identificados nos resultados de aprendizaxe. A catro áreas se lles adxudica 18 créditos ETCS, mentres que as áreas de comunicación e xornalismo quedan cos 42 créditos restantes de formación básica. Na formación obrigatoria dúas áreas distintas a comunicación e xornalismo quedan con 18 dos 126 créditos ETCS. En conxunto, ás áreas de

comunicación e xornalismo atribuíselles 37 materias, das 43 contempladas na titulación, un 85% dos créditos ETCS.

Todo elo, en aras dunha dubidosa especialización que restrinxa a capacidade de adaptación dos futuros egresados aos cambios no mercado de traballo.

2. Nin a Comisión redactora da proposta, nin a Comisión de Organización Académica de Profesorado, quixeron tomar en consideración a clasificación da Fundación BVVA-IVIE, das universidades públicas españolas que teñen grao coa denominación de Publicidade e Relacións Públicas. Nesta clasificación que avalía os plans vixentes, catro deles cuxa revisión ten menos de cinco anos, nos planos que ocupan os oito primeiros postos das mellor valoradas atópanse materias de Socioloxía, impartidas por docentes desta área de coñecemento. Así acontece na Universidade Autónoma de Barcelona (1 materia básica); Univ. Pompeu Fabra (2 materia básica); Univ. de Girona (1 materia obligatoria, 1 optativa); Univ. Rovira e Virgili (1 materias básica); Univ. Complutense de Madrid (1 materias básicas, 5 optativas); a Univ. d'Alacant (2 materias básicas, y 1 optativa); Univ. de Sevilla (1 materias básica, 1 obligatoria); Univ. De Murcia (1 materias básica).
3. A presentación dos sucesivos borradores de modificación do Grao nos últimos tres anos resultou conflitiva, non só pola modificación substancial, e redefinición de competencias e contidos, seno tamén polos procedementos. A actuación da Comisión para a revisión do Grao adoeceu de falta de transparencia. Baste lembrar que, a primeira das propostas deuse a coñecer aos membros da Xunta de Facultade como un feito consumado, con pouco ou ningún marxe para ser estudado ou debatido. Nesta última proposta de Memoria incorporase a consulta externa nunha xornada de traballo organizada no mes de decembro de 2024, un pobre procedemento de participación que busca dar lexitimidade a un proceso que estivo dende o seu inicio carente do que presume, a consulta continua e aberta.
4. As razóns da exclusión de especialistas da área de socioloxía da Memoria proposta non se adoptan pensando na calidade da formación dos futuros graduados e graduadas. Resulta inverosímil a exclusión dos docentes da área de socioloxía a vista dos resultados do proceso de formación e aprendizaxe, son moitos os contidos, habilidades, e competencias enumerados, desenvolvidos no actual plano de estudos na docencia impartida na materia de socioloxía. As razóns non son académicas, nin profesionais, o plano de estudos responde a unha lóxica de poder e exclusión posta ao servizo de intereses corporativos do ámbito de coñecemento de Periodismo, comunicación e Publicidade e RRPP.

Acudo a este Consello de Goberno como o último dos recursos para reverter a exclusión da área de Socioloxía da proposta de Memoria. Quedan expostas razóns académicas e profesionais que foron descartados nos procedementos da súa tramitación.

O Reitor nunha intervención, no último Consello de Goberno na que se votou a adscrición de todas as materias disciplinares nos graos de educación de infantil y primaria ao ámbito de educación, expresou que o Consello de Goberno non podía actuar como Comisión Académica para a revisión de estudos.

Sen embargo, subliño, traer esta cuestión é o último recurso que teñen as áreas minoritarias que non vertebran unha titulación, como é o caso da Filosofía ou a Socioloxía na Universidade de Vigo, para ser escoitadas, e solicitar que se atenda a súa demanda. Estase a reverter o entendemento multidisciplinar na formación universitaria que preconizaba o Plan Bolonia.

Fronte a criterios académicos de entendemento imponse o criterio do poder das áreas, departamentos, e agora os ámbitos de coñecemento na verificación das titulacións. ¿Quen pode parar esta deriva de exclusión disciplinar na formación básica dos graos en nome dunha especialización que a rápida

evolución das competencias, saberes, e actitudes dos mercados de traballo muda, e desbota con rapidez?

Este é unha alegación aberta a tódolos membros deste Consello, a aprobación ou rexeitamento da Memoria de Publicidade e RRPP convertese en evidencia da Universidade que estamos a construír, ¿están seguros que esta é a Universidade que queren?

Grazas pola a súa atención.”

Rosa Pérez intervén para o mesmo asunto, manifestando acordo total co seu compañeiro de Socioloxía. Comenta que as materias de lingua castelá e lingua galega incluíronse no Plan de estudos despois do arduo traballo do reitor, pero quere destacar que, sendo o Grao en Publicidade e Relacións Públicas un Grao exclusivo no Sistema Universitario Galego, na Memoria do Grao as linguas teñen unha consideración errónea xa que de feito soamente unha materia é obrigatoria, polo que a materia mais débil sairá mais prexudicada, xa que o estudantado ten que elixir entre facer escritura académica e profesional en galego ou en español. A lingua galega debería impartirse para todo o estudantado, e que non fora intercambiable coa lingua española. Esta petición ten como único fin o beneficio do estudantado, porque para os docentes non vai supoñer ningún cambio. Conclúe dicindo que vai votar en contra deste plan de estudos.

Miguel Cuevas manifesta a súa solidariedade co profesor Lage e a profesora Pérez. O Real decreto fala de transversalidade, fala tamén como un espírito central da formación básica como elemento das disciplinas que son cerne do que despois será a especialización nesa titulación e son necesarias. É un coñecemento xeral que logo se aplicará. Manter esta deriva no Consello de Goberno pode supor que ao final faga as titulacións mono área, como no Departamento. Ademais, isto suporá que a lingua minorizada sexa aínda mais minorizada por unha universidade que di ter entre os seus principios fundamentais, recollidos nos Estatutos, que a lingua oficial da nosa universidade é o galego. Isto quere dicir que poderían saír graduados en Publicidade e relacións Públicas, e tamén mestres, se finalmente desaparece o galego, sen ter elixido o galego, co que incidiría negativamente na súa formación, polo que as dúas materias, español e galego, deberían ser obrigatorias.

Emma Torres, decana, fala por alusións en nome da Facultade de Comunicación, xa que por terceira vez vimos a este Consello de Goberno para tentar aprobar o Plan de Estudos do Grao en Publicidade e Relacións Públicas. Fai fincapé en que o Grao é en Publicidade e Relacións Públicas, non un Grao en Socioloxía, nin un Grao en Filoloxía, nin de ningún outro ámbito. Houbo varias intervencións que entende na liña de defender a materia que imparten, pero poñer en cuestión o que aproba unha xunta soberana é algo complexo, e algunhas informacións son un pouco graves. Unha xunta de Facultade non vai aprobar nada que vaia en detrimento da formación dos estudantes, como se ten afirmado, iso sería poñer en cuestión case todo o sistema. Que o título teña unha maioría de contidos do ámbito da Comunicación non debería ser sorprendente, nin un dato negativo, debería ser o normal, un reflexo do feito de que esta universidade leva moito tempo traballando para que os profesionais de investigación no ámbito de Publicidade e Relacións Públicas tiveran un notable crecemento, a nivel investigador e a nivel docente. Están traballando con material delicado, e teñen que ter unha especialización, no contexto social actual. Socioloxía ten unha presenza transversal, igual que en titulacións de Socioloxía a Comunicación ten unha presenza transversal, e a o seu Departamento non se lle ocorre cuestionalo, xa que se a xunta de centro decide artellalo así, cre que iso sería o correcto, nunca foron a Consello de Goberno a discutir o decidido por xuntas doutros centros. Parece que todo o mundo sabe de comunicación, pero non é así, polo que os que pertencen a Comunicación están certamente sorprendidos. Polo que respecta a algunha das universidades referenciadas, na Pompeu Fabra se especializaron en creatividade, polo que gústalle o exemplo con respecto á especialización

na que insiste a decana. Foi unha modificación conflitiva pero tamén aberta, o que acontece e que non entenderon que tiñan que adaptarse, deberían traballar as necesidades que están aí fora e necesitan unha resposta concreta. A responsabilidade vai ser dar resposta a esas novas demandas.

Filoloxía ten que ter presenza, porque é fundamental na formación humana, pero cunha presenza propia, non a través doutros títulos. Esa é a visión que teñen os de Comunicación sobre esta situación. E que cualifiquen a xornada de consulta con profesionais externos como pobre, é cando menos lamentable, xa que estaban os mais representativos do sector. É unha falta de respecto para o sector, faláron do que precisaban dos expertos en Publicidade e Relacións Públicas, e faláron con tal claridade que se viron moi avalados no proceso desenvolvido, e os estudantes están totalmente de acordo co Plan de Estudos, despois de esperar 20 anos. As modificacións son mínimas e menores. Falar dunha perda de calidade é unha falta de consideración cara aos profesionais que traballan neste Grado.

Emma Torres engade que se fai un traballo arreo a prol do galego en todos os contidos, non soamente no ensino do galego. Non quere que se faga unha batalla co galego, xa que están no modelo da USC e é a mesma que se fai na UVigo. Haberá que analízalo, pero non é responsabilidade da facultade, senón de todos. Acaban de ser distinguidos como Facultade co distintivo de galeguidade, e sinte moito dicir que o galego non é patrimonio exclusivo dos departamentos de filoloxía, xa que moitos docentes están loitando por impartir as súas materias, con QSPs polo medio, en lingua galega, e concienciando sobre o galego. É moi arriscado dicir que soamente defenden o galego aqueles estudos relacionados con Filoloxía, non quere que se faga este discurso, non se fai a defensa do galego soamente coas materias relacionadas coa lingua. O departamento de Lingua Española axudou moito para facer unha materia como escritura académica profesional, e incluso fixeron propostas de materias optativas, outros departamentos non o fixeron, non querían nin cambiar unha coma. Pide desculpas se alguén se sinte agraviado, pero o fixeron cunha conciencia moi clara de defensa dos intereses dos estudantes. Bota de menos a autocrítica doutros departamentos, tiñan que loitar para buscar o seu oco.

Miguel Cuevas está de acordo co cambio nas materias cara á novos contidos. Cando falaba Emma lembraba unha proposta moi interesante que fixera Manolo Ramos no seu día, no sentido de que tiña que haber en todas as titulacións materias de carácter estratéxico e transversal, e unha delas foi a lingua galega. Esa idea quedou desbotada. Dereito non ten unha materia nin de lingua castelá nin de lingua galega, que desapareceu cando pasou de ser Licenciatura a Grao. O distintivo de galeguidade ás veces é unha foto, a cuestión é que se hai un compromiso co galego por que non se fai efectivo no plan de estudos. Fala como lingüista, como experto, pero tamén como parte da CIG, e gustaríalle que o galego estivese en todas as titulacións.

Non pode compartir o feito de que vaíamos a perder a especialización porque se manteña o galego, ou porque se manteñan as materias de socioloxía, habería que darlle unha volta.

Xesús Lage responde por alusións á profesora Torres, xa que alude a que nos últimos tres anos a Comisión foi referendada pola Xunta de Facultade e nesta última proposta pola COAP. A democracia non é só a democracia das maiorías. Con el non se falou en ningún momento, e está na facultade desde fai 26 anos. Moito do profesorado de comunicación non tiña nin idea do que se estaba a tratar nesa Comisión. El defende unha materia de socioloxía na formación básica, que non se quixo facer, entendendo que hai marxe para mantela. O mercado de traballo evoluciona moi rápido, se non teñen unha formación básica boa, forte, sólida, non teñen posibilidade de adaptarse e reciclarse. A el lle consta que dende a área de Ciencia Política e de Administración fíxose unha proposta dunha materia e foi rexeitada. Facer unhas xornadas cando xa está pechado o plano de estudos para lexítimalo, iso é propaganda, tecnocracia. Polo que volve a reiterar a pregunta, que universidade queremos?

O reitor comenta que no seu momento foi bastante extraordinario que se paralizase o plan de estudos, e a el custoulle moito facelo, pero o fixo porque desaparecían as materias de lingua galega e castelán. Foi á Facultade a explicar as razóns dese rexeitamento, despois dun estudo que fixo sobre os plans de estudo de Publicidade e Relacións Públicas en toda España, recollidas no Libro Branco, nel estaban esas materias, polo que pediron que as incluíse. E sobre o galego, cando lanzaron o 80% da docencia en galego, a Facultade de Publicidade e Relacións Públicas a acolleu con entusiasmo, e ademais teñen o distintivo de galeguidade e o teñen polo ben que traballan.

Apróbanse por asentimento.

Agás a modificación da memoria do Grao en Publicidade e Relacións Públicas que vai a votación, co seguinte resultado:

28 a favor

2 en contra

2 abstencións

Apróbase por maioría.

9. Aprobación, se procede, do Regulamento de estudos de mestrado universitario da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa acerca do regulamento:

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

1. Antecedentes:

- Regulamento dos estudos oficiais de posgrao. CG do 14 de marzo de 2007.
 - Inclúe estudos de mestrado e estudos de doutoramento.
- Modificación no CG do 16 de abril de 2010.
- Modificación no CG do 8 de febreiro de 2012.
 - Título VII: Das teses de doutoramento
- Aprobación do Regulamento de estudos de Doutoramento no CG 20 de xullo de 2012.

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

- Modificación no CG do 18 de decembro de 2013
 - Artigo 4 e 5: Organización, xestión e asignación da docencia dos estudos oficiais de mestrado.
 - Derogación da normativa reguladora dos estudos de doutoramento.
- Modificación no CG do 27 de xullo de 2022
 - Artigo 4. Coordinador/a do mestrado
- Regulamento de estudos de Doutoramento no CG do 20 de xuño de 2024

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

2. Obxectivos:

- Adaptación do regulamento ao RD 822/2021.
- Adaptación ás normativas relacionadas co procedemento para novas propostas, modificación, supresión e extinción, seguimento e renovación da acreditación.
- Procedementos administrativos relacionados coa matrícula, probas de avaliación, cualificación e tribunais de avaliación.

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

3. Estrutura:

Regulamento de mestrado

CAPÍTULO 1
Disposicións
xerais

CAPÍTULO 2
Órganos
responsables
das titulacións

CAPÍTULO 3
Directrices
xerais das
titulacións

CAPÍTULO 4
Modalidades
docentes

CAPÍTULO 5
Estruturas
curriculares e
de innovación

CAPÍTULO 6
Procedemento
para novas
propostas,
modificación,
supresión e
extinción

CAPÍTULO 7
Seguimento e
renovación da
acreditación


CAPÍTULO 8
Matrícula

CAPÍTULO 9
Probas de
avaliación,
actas de
cualificación e
tribunais

Universidade de Vigo



Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025



- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 13 de febreiro de 2025.
- Revisión da Área de Normalización Lingüística do 25 de febreiro de 2025.
- Exposición pública dende o 17 de marzo de 2025 ata o 21 de abril de 2025.
- Suxestións e preguntas recibidas: 43

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da modificación do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de doutoramento.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen informa sobre esta modificación:

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

- Aprobación do modelo común de convenio de colaboración entre as tres universidades do SUG para os programas de doutoramento interuniversitarios:
 - Consello de Goberno do 6 de febreiro de 2025
- Solicitude de modificación do modelo común de convenio de colaboración entre as tres universidades do SUG para os programas de doutoramento interuniversitarios por parte da Universidade de Santiago de Compostela (USC):
 - Cláusula cuarta: Competencias da Comisión Académica
 - «A CAPD poderá nomear comisións delegadas en cada unha das universidades participantes». Suprimiuse o texto referente á obriga de que este nomeamento quede reflectido no correspondente regulamento de réxime interno da CAPD.

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

- Cláusula oitava: Admisión e selección do estudantado
 - Engádese: Cada universidade ofertará un número diferenciado de prazas, de acordo coas previsións establecidas na memoria de verificación do título e na normativa das propias universidades. No caso de que queden prazas vacantes nalgunha universidade, poderán ser cubertas por calquera das demais, sempre que dispoña de recursos suficientes.

Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

- Cláusula décimo primeira: Protección de datos persoais.
 - Engádesse esta cláusula co seguinte texto: As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

Universidade de Vigo



Informe favorable por asentimento na COAP do 19 de maio de 2025

- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 16 de maio de 2025.
- Informe favorable do delegado de Protección de Datos do 20 de maio de 2025.

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2025/2026.

O reitor da a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen di que os seguintes tres puntos están relacionados con estudos de GRAO. Este documento apróbase todos os anos, non hai modificacións substanciais. Iván Área comenta que hai unha demora porque o Ministerio fíxoo en abril.

Apróbase por asentimento.

12. Aprobación, se procede, da incorporación para o curso 2025/2026 dos parámetros de ponderación para a admisión nos seguintes catro Programas de Simultaneidade de Estudos: Grao en Enxeñaría Agraria e o Grao en Ciencias Ambientais (UVIGO), Grao en Enxeñaría Agraria e o Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (UVIGO), Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Intelixencia Artificial (UVIGO), e Grao en Enxeñaría Informática e o Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos (UDC).

O reitor dá a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen explica que os parámetros están aprobados para o 2025/2026, coa seguinte incorporación que ven reflectida na documentación que teñen todos os membros de CG.

“Na RESOLUCIÓN da Consellaría de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional do 29 de outubro de 2024 (DOG do 8 de novembro) foron nomeados os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e fixéronse públicos os parámetros de ponderación de materias para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia no curso 2025/26, aprobados nos respectivos consellos de goberno das universidades públicas de Galicia. Os ditos parámetros de ponderación xa estiveron publicados na páxina web da CiUG con tempo suficiente para que o alumnado de primeiro de bacharelato no curso 2023/2024 puidese coñecer eses valores á hora de escoller as materias de segundo de bacharelato, e tamén para orientar a aquel alumnado que quere acceder á universidade a través de ciclos formativos. Na sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o día vinte de xuño de 2024, aprobouse, entre outras, a PCEO Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial, a impartir na Escola Superior de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense (punto 12 da orde do día). Posteriormente, na reunión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo celebrada o seis de febreiro de 2025, aprobouse a tramitación das propostas de Programas de Simultaneidade de Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais e Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, a impartir na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense para o curso 2025/2026 (punto 7 da orde do día). Posto que estas novas ofertas formativas afecta ao número de prazas ofertadas e tamén cómpre definir uns parámetros de ponderación, pola presente RESOLVO: Publicar os parámetros de ponderación para a admisión nos ditos PCEOS e sinalar o número de prazas que corresponde a cada unha delas, segundo a información recibida desde a Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente da Universidade de Vigo”, documento asinado por Iván Área Carracedo, Delegado do Reitor da Universidade de Vigo na CiUG, parámetros que figuran como anexos na documentación enviada coa convocatoria do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, dos parámetros de ponderación para a admisión no SUG no curso 2026/2027.

O reitor da a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen explica que se trata dos mesmos parámetros. A vicerreitora indica que as PAU serán o ano seguinte, convocatoria ordinaria 2, 3 e 4 de xuño e a extraordinaria, 30 de xuño, 1 e 2 de xullo de 2026. Iván Área comenta que as datas están consensuadas coa consellería.

Apróbanse por asentimento.

14. Aprobación, se procede, do Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo na Universidade de Vigo.

O reitor sinala que o presente protocolo é unha actualización do aprobado no 2014. Resulta necesario xa que as leis e as normativas promulgadas nestes anos esixennos actualizar o protocolo para garantir os dereitos das persoas afectadas, o que permite un tratamento máis eficiente, transparente e respectuoso coas vítimas e coa comunidade universitaria en xeral.

Neste tempo, os procesos de seguimento levados a cabo demostraron a importancia de revisar e fortalecer as medidas de apoio ás vítimas, así como de mellorar a formación e a sensibilización de todos os sectores da comunidade universitaria. En atención á directriz legal de establecer sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos en relación coa igualdade de xénero, actualízase o protocolo de acoso sexual na universidade para garantir que as posibles situacións de acoso sexual e acoso por razón de sexo se xestionen de maneira adecuada e eficaz.

Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, da non continuidade da Universidade de Vigo como membro institucional da Asociación de Universidades del Estado Español con Titulaciones Oficiales de Traducción e Interpretación (AUnETI).

O reitor indica que o Consello de Departamento de Tradución e Lingüística, reunido en sesión extraordinaria o día 26 de setembro de 2024, acordou a non continuidade da Universidade de Vigo como membro institucional da Asociación de Universidades do Estado Español con Titulacións Oficiais de Tradución e Interpretación (AUnETI).

Apróbase por asentimento.

16. Elección dun representante no Comité de Dirección da EIDO(1) : 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

Non se presentaron candidaturas.

17. Quenda de intervencións.

Coral del Río, a súa intervención é en nome de NÓS Universidade, ten discrepancias coas contas aínda que hoxe non é o tema. Solicita os cargos discrecionais coa remuneración, porque polo de agora non ten os datos.

O reitor di que hai unha táboa co que cobran, que se aprobou en Consello de Goberno, e a faremos chegar.

Rosa Pérez, en nome de Nós Universidade, quere que se aclare para a substitución da docencia en mestrado, se hai listas de agarda para os mestrados. Como se reempraza ás persoas que están de baixa, hai listas de agarda ou non? Non o teñen claro.

A vicerreitora indica que non está claro, porque a normativa de mestrados di que ten que impartila profesorado da UVigo. Por iso non pode impartir un mestrado, en caso de baixa, un profesor substituto, a non ser que teña unhas horas libres, 10 ou 20, e poida dalas, pero non se pode contratar especificamente a un substituto para impartir mestrado, hai que buscar entre o persoal que estea na Universidade de Vigo.

Rosa Pérez di que non ten claro que teñas que impartir mestrado, porque aparentemente podería negarse un profesor a impartir unha materia de mestrado.

Ignacio Bajo fai un rogo de que se mire a normativa de quinquenios, ten un problema de dilatación porque este ano fíxose en maio. A vicerreitora di que como non se fixou unha data límite, houbo departamentos que non enviaron os datos a tempo. Para o vindeiro ano está claro que hai que poñer un límite aos centros e departamentos. Ignacio Bajo comenta que lle preocupa máis o procedemento; as enquisas docentes son privadas, e parece que dicimos á comunidade que hai profesores que non chegaron ao 3.6 para que a súa petición se exclúa. Para os centros non é tan difícil facer os informes, e deberíase facer o informe para todo o mundo, sería mais elegante así.

José Fariña quere facer un comentario sobre o que dixo o reitor acerca do Consello de Docencia Clínica. No Grao de Enxeñaría Biomédica, e no mestrado, teñen profesores clínicos, e apostan por aquelas situacións que lles dan mais estabilidade. Quere poñer de manifesto isto, xa que este ano perderon 3 profesores por iso, non somos competitivos. Se ao final se descentraliza Medicina, non somos competitivos para garantir estabilidade aos docentes, xa está pasando, renuncian ao grao de Enxeñaría Biomédica para dar a súa docencia en Santiago de Compostela.

O reitor di que efectivamente pode ser un efecto secundario, pero cre que somos competitivos.

José Montero fala sobre a instrución de duración do mandato de titulares de órganos unipersoais de 6 anos, de acordo coa LOSU, propoñendo que lle dean unha volta (secretaría xeral) para estes casos que foron convocados con moita antelación, con procesos electorais comezados con anterioridade. Fixeran a consulta sobre a extensión do mandato, e obtiveran a resposta de 3 anos, xa que terían un mandato de 9 anos os que estean no segundo mandato.

O reitor indica que os reitores terían un mandato de 10 anos se repiten un segundo mandato, aínda así imos ver se é posible algunha instrución para que rematen o mandato antes, pero ten que facer unha consulta xurídica.



O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:27 h. do día 26 de maio de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral